



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO      Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es      Web: www.concellodeboimorto.es

### **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE XULLO DE 2011.**

#### **ASISTENTES:**

##### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

##### Concelleiros:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

##### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:10 horas do día vinte e oito de xullo de 2011, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

#### **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 04/07/2011, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade acordou:

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 04/07/2011.

#### **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

##### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

##### **2.1.1.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA QUE SE CONCEDEN AS SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DO EXERCICIO 2011.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de educación, cultura e deportes, rexistro de entrada n.º 757 de data 09/06/2011 no que se notifica a concesión de subvencións:

-Actividades deportivas 2011: 3.995,64 €

-Reparación da pista polideportiva no partio exterior do CPI Armando Cotarelo Valledor: 13.481,47€

-Actividades culturais 2011: 11.997,45€

- Insonorización e dotación de equipamento no edificio de Servizos Múltiples: 17.991,56 €.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

##### **2.1.2.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA QUE SE CONCEDEN AS SUBVENCÍONS PARA PROMOCIÓN ECONÓMICA DO EXERCICIO 2011.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de promoción económica, rexistro de entrada n.º 857 de data 17/06/2011 no que se notifica a concesión de subvencións:

- Programa de dinamización económica II: 8.000,00€
- Sustitución do alumeadado público no Campo da Feira: 13.991,87€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

### **2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE CONCESIÓN E PAGO DA CAMPAÑA DE “SOCORRISMO ANUALIDADE 2011”.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de promoción económica, rexistro de entrada n.º 885 de data 21/06/2011 no que comunica a aprobación da concesión e pago con carácter de anticipo prepagable, da campaña de “Socorrismo anualidade 2011” correspóndelle no Concello de Boimorto:

<u>Orzamento</u>	<u>Solicitado</u>	<u>Coef.</u>	<u>Concedido</u>	<u>Anticipo 100%</u>	<u>Mín. Xustif.</u>
2.932,58	2.346,06	0,80	2.346,06	2.346,06	2.932,58

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

### **2.1.4.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN PRESTACIÓN, IMPLANTACIÓN E FUNCIONAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de patrimonio e contratación, rexistro de entrada n.º 909 de data 22/06/2011 no que comunica a resolución de prórroga do convenio de cooperación con concellos da provincia en garantía da prestación, implantación e funcionamento de servizos sociais municipais:

<u>Módulo I/II</u>	Traballadora Social:	13.497,12€
<u>Módulo III</u>	Educadora Familiar:	6.229,44€
<u>Módulo IV</u>	Auxiliares SAD:	6.229,44€
Achega total:		25.956,00€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.5.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE SUBVENCIÓN DE PROGRAMAS DE SERVIZOS SOCIAIS E POLÍTICAS DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada n.º 1029 de data 07/07/2011 no que se notifica a concesión da subvención:

- En marcha, cun importe de subvención de 11.497,60€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.6.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ABOAMENTO DO PROXECTO INTEGRAL DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO 2010.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada n.º 1028 de data 07/07/2011 no que se comunica a resolución de aboamento da subvención, anticipo prepagable a xustificar, para actividades no fomento da política de igualdade entre mulleres e homes, exercicio 2010 do Proxecto integral de prevención da violencia de xénero, cun importe de subvención de 7.041,37 €.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### **2.1.7.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ABOAMENTO DA ACTIVIDADE XERAL PARA CULTURA A CONCELLOS - ACTIVIDADES CULTURAIS 2011**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de educación, cultura e deportes, rexistro de entrada n.º 1026 de data 07/07/2011 no que se comunica a resolución de aboamento da subvención, anticipo prepagable a xustificar, para actividade xeral de cultura a concellos de actividades culturais 2011, cun importe de subvención de 11.997,45 €.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.8.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ABOAMENTO DA ACTIVIDADE XERAL PARA CULTURA A CONCELLOS - ACTIVIDADES CULTURAIS 2011**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de educación, cultura e deportes, rexistro de entrada n.º 1027 de data 07/07/2011 no que se comunica a resolución de aboamento da subvención, anticipo prepagable a xustificar, para actividade xeral de deporte a concellos de actividades deportivas 2011, cun importe de subvención de 3.995,64 €.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.9.- ESCRITO DE AUGAS DE GALICIA SOBRE REQUIRIMENTO DE SUBSANACIÓN DE DEFECTOS NA E.D.A.R. DE BRATES- SAN PEDRO (T.M. BOIMORTO)**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada n.º 659 de data 30/05/2011 no que se comunica a necesidade de subsanación de defectos no expediente de solicitude de autorización de vertido de augas residuais urbanas procedentes da E.D.A.R. de Brates-San Pedro (T.M. Boimorto).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.10.- SOLICITUDE INFORME DE AUGAS DE GALICIA DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE LIMPEZA DA CANLE E CÁMARA DE CARGA DO APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO DE SAN PEDRO DE MEZONZO**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada n.º 690 de data 06/06/2011 no que se solicita informe relativo á execución dos traballos de limpeza da canle e da cámara de carga do aproveitamento hidroeléctrico de San Pedro de Mezonzo, no río Tambre, nos concellos de Boimorto e Vilasantar (A Coruña).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.11.- ESCRITO DE AUGAS DE GALICIA DE PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS DO SANEAMENTO DE DORMEÁ, ALGALIA E BARRIO (T.M. BOIMORTO)**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada n.º 856 de data 17/06/2011 no que se comunica a proposta de resolución do arquivo do expediente de solicitude de autorización de vertido de augas residuais urbanas procedentes do saneamento dos núcleos de Dormeá, Algalia e Barrio (T.M. Boimorto).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.12.- RESOLUCIÓN DE AUGAS DE GALICIA SOBRE RECOÑECIMIENTO DO DEREITO E INSCRICIÓN NO REXISTRO DE AUGAS DE JOSÉ SÁNCHEZ GARCÍA**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada n.º 884 de data 21/06/2011 no que se notifica a resolución relativa ao expediente de usos privativos por disposición legal, recoñecemento do dereito e inscrición no rexistro de augas no lugar de Fontefraga parroquia de Mercurín.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.13.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DE INICIO DE EXPEDIENTE DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral da Igualdade, rexistro de entrada n.º 907 de data 22/06/2011 no que se comunica o inicio do expediente do programa de axudas e subvencións a entidades locais: programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.14.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIO DE DENEGACIÓN SUBVENCIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, rexistro de entrada n.º 968 de data 27/06/2011 no que se comunica a denegación da axuda do proxecto de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.15.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS DO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda en data 06/07/2011 no que se comunica a transferencia da cantidade de 16.426,56 euros en concepto de participación do 6º mes no Fondo de Cooperación Local do actual exercicio.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.16.- ESCRITO DO SERVIZO DE MOBILIDADE DE SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DE TRÁFICOS E REESTRUCTURACIÓN CONCESIONAL DE ARRIVA NOROESTE S.L.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial, Servizo de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada n.º 1067 de data 13/07/2011 no que se comunica a solicitude de modificación de tráfico e reestruturación concesional pola empresa Arriva Noroeste S.L.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.17.- CONVENIO DO INSTITUTO DE LA MUJER DE COLABORACIÓN PARA INCREMENTAR A PARTICIPACIÓN SOCIAL E LABORAL DAS MULLERES DE ÁMBITO RURAL**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo Instituto de la Mujer do Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad, rexistro de entrada n.º 1052 de data 11/07/2011 no que envía o Convenio específico de colaboración suscrito entre o Instituto de la Mujer e este Concello para



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

desenvolvemento do Programa dirixido a incrementar a participación social e laboral das mulleres do ámbito rural durante os anos 2011 e 2012 en Boimorto.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.18.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE AMPLIACIÓN DE PRÓRROGA PRAZO DE EXECUCIÓN PCC “SANEAMIENTO EN BRATES”.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de Secretaría, rexistro de entrada n.º 1074 de data 14/07/2011 no que comunica a concesión da ampliación da prórroga do prazo de execución da obra do PCC, quinta fase:

<u>Código</u>	<u>Obra</u>	<u>Importe proxecto</u>	<u>Importe adxud.</u>	<u>Pendente exec.</u>
09.3300.0116.0	Sanemiento en Brates	330.539,67	221.275,96	38.092,19

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.19.- NOTIFICACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DE SOTERRAMENTO LBT NO ENTORNO DO CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, da Consellería de Economía e Industria, rexistro de entrada n.º 1076 de data 14/07/2011 no que se comunica a concesión da subvención do proxecto de “Soterramento LBT no entorno do CPI Armando Cotarelo Valledor” por importe de 55.554,07 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.20.- RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN SUBVENCIÓN A PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo AGADER da Consellería do Medio Rural, rexistro de entrada n.º 660 de data 30/05/2011 no que se comunica a resolución pola que se modifica a subvención concedidas mediante a Resolución do 15/09/2010 de subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia 2010

Equipamento miniresidencia e centro de día de Boimorto

Orzamento: 192.000,00 €

% subvención: 50,69%

Importe subvención: 97.324,80€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.21.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE SUBVENCIÓN DE PROXECTO FORMATIVO PARA MULLERES NO CONCELLO DE BOIMORTO.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada n.º 982 de data 29/06/2011 no que se notifica a concesión da subvención:

- Proxecto formativo para mulleres do Concello de Boimorto:7.599,00€

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.22.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2010.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de educación, cultura e deportes, rexistro de entrada n.º 648 de data 27/05/2011 no que se notifica a resolución da aprobación da xustificación da subvención a concellos para actividades e investimentos “Actividades deportivas 2010” por importe de 3.696,30€.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.23.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN CONVENIO DE COOPERACIÓN SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, ANUALIDADE 2011.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Unidade Técnica de Normalización Lingüística, rexistro de entrada n.º 1091 de data 20/07/2011 no que comunica a resolución do recoñecemento da obriga do pago da achega provincial de 12.000 € para o ano 2011 do Convenio de Servizo de Normalización Lingüística.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.24.-CONVENIO DA S.A. XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA CICLOS GALICIA É MÚSICA E CAMIÑOS DE CULTURA.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola S.A. Xestión do Plan Xacobeo, rexistro de entrada n.º 1092 de data 20/07/2011 no que comunica a necesidade de sinatura do convenio para participar nos programas de Ciclos Galicia é Música e Camiños de Cultura, coas actividades neste Concello de I+D+I ( 10 de xuño) e Chosco Voando! (3 de setembro).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.25.-RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES E ACCIÓN VOLUNTARIA DE GALICIA.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada n.º 1103 de data 21/07/2011 no que comunica a inscrición do Concello de Boimorto no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia nº L-226.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.26.-RESOLUCIÓN SOBRE AUTORIZACIÓNS DE INTERVENCIONS NO CAMIÑO DE SANTIAGO DE OBRAS DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.L. (LMT, CT E RBT VILANOVA E LMT, CT E RBT CELA) E DE JOSÉ ESPIÑEIRA OTERO DE TALA EUCALIPTOS NO LUGAR DE BRAÑA PARROQUIA DE ÁNXELES.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, rexistros de entrada n.º 1113, 1114 e 1115 de data 21/07/2011 no que comunican a resolucións de autorización de intervencións no Camiño de Santiago de tala de eucaliptos no lugar de Braña parroquia de Ánxeles tramitado por D. Jose Espiñeira Otero e das obras LMT, CT e RBT Vilanova e LMT, CT e RBT Cella tramitadas por Unión Fenosa Distribución S.L.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.27.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN PAGO FINANCIACIÓN EQUIPAMENTO MINIRESIDENCIA DE BOIMORTO**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de Patrimonio e Contratación, sección de Contratación, rexistro de entrada n.º 1121 de data 26/07/2011 no que se comunica a aprobación do segundo pago (40%) para a financiación do equipamento da Mini-residencia por importe de 51.972,24€uros, producindo unha economía de 91,83 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### **2.1.28.-COMUNICACIÓN REUNIÓN DA COMISIÓN DE LIQUIDACIÓN DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE ARZÚA DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural con entrada en data 26/07/2011 no que se comunica a convocatoria á reunión da Comisión de Liquidación da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Arzúa o 26/07/2011 ás 17:00 na Casa do Concello de Arzúa coa correspondente orde do día. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.29.-COMUNICACIÓN REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO PADROADO DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE ARZÚA DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural con entrada en data 26/07/2011 no que se comunica a convocatoria á reunión extraordinaria do Padroado da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Arzúa o 26/07/2011 ás 17:00 na Casa do Concello de Arzúa coa correspondente orde do día. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.30.- RESOLUCIÓN DE AUGAS DE GALICIA DE AUTORIZACIÓN BALEIRADO E LIMPEZA DA CANLE DO APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO DE SAN PEDRO DE MEZONZO**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada n.º 1013 de data 05/07/2011 no que se notifica resolución pola que se autoriza o baleirado e limpeza de canle de derivación e da cámara de carga pertencente ao aproveitamento hidroeléctrico de San Pedro de Mezonzo, no río Tambre, nos concellos de Boimorto e Vilasantar (A Coruña) titularidade de Gas Natural SDG, S.A.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.2.- ESCRITOS PARTICULARES**

### **2.2.1.- ESCRITO DA EMPRESA SB GALICIA S.C. DE RECOLLIDA E RECICLADO DE ACEITE VEXETAL.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola empresa Sb Galicia S.C. con rexistro de entrada n.º 1060 de data 12/07/2011 no que se comunica que relizan a recollida gratuíta do aceite vexetal usad, o custo deriva na instalación dun ou varios colectores por parte do Concello.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.2.2.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN GALLEGA DE INDUSTRIALES PIROTÉCNICOS EN RELACIÓN COA PROHIBICIÓN DE FOGOS ARTIFICIALES**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Asociación Gallega de Industriales Pirotécnicos, con rexistro de entrada n.º 1093 de data 20/07/2011 no que se envía nota aclaratoria sobre o uso de fogos artificiais en toda a comunidade autónoma.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.2.3.- ESCRITO DE AUTOS LOBELLE S.L. RECLAMANDO O PAGO DE FACTURAS.**

Pola Secretaría dase conta do escrito enviado pola empresa Autos Lobelle S.L. nº rexistro de entrada 668 de data 01/06/2011 no que reclama o aboamento das facturas nº T1005244, T1100286 e nº T1100531 por importe total de 1.420,56€.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as ordeando dito pago.

### **3.- LICENZAS, PERMISOS E AUTORIZACIÓNS**

#### **3.1.-LICENZAS**

##### **3.1.1.- LICENZA DEFINITIVA PARA ACTIVIDADE DE MELLORA DE EXPLOTACIÓN DE GANDO PORCINO SITA EN TIXOSA -DORMEÁ TRAMITADO AO ABEIRO DO REGULAMENTO DE ACTIVIDADES MOLESTAS, INSALUBRES, NOCIVAS E PERIGOSAS DE SAT XUGA 696 A PONDEROSA.- Exp. Actividade Molesta 2007/93.-**

Téndose acreditado no expediente tramitado a instancia de D. Manuel Ángel Rodríguez Arias, en virtude de instancia nº rexistro 673 do 01/06/2011, para licenza definitiva da actividades de “mellora de explotación de gando porcino en Tixosa (Dormeá)”, segundo o proxecto de execución redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Andres F. Mariño Pita da Veiga colexiado nº 566, en marzo de 2007, que se teñen cumprimentado os trámites e requisitos esixidos polo Decreto de 30 de novembro de 1961 polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e disposicións complementarias.

Visto que se concedeu por acordo da Xunta de Goberno Local do 24/04/2008 licenza provisional, no que según escrito nº rexistro entrada 1060 de 29/10/2007 da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, califca a actividades de MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA, expediente de Activiade Molesta 2007/93.

Constando no expediente a resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas con nova resolución do Departamento Territorial sobre a cualificación da actividade de data 11/08/2009 nº exp. MA962A2007/000696-1.

Vistas as condicións impostas pola Dirección Xeral de Urbanismo, en data 01/06/2011 achega xustificación do esixido no art. 42.1.f ) da Lei 9/2002 relativo ao rexistro da propiedade, rexistro de entrada nº 673 de data 01/06/2011.

Visto que se conedeu por acordo da Xunta de Goberno Local licenza de obra menor (LO37/2009) apra adecentamento de paramentos exteriores das construcións recoñecidas pola COTOP o 16/07/2007.

Realizada a visita de inspección e comprobado que as obras foron realizadas en data 13/07/2011.

No uso das facultades conferidas polo artigo 6 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, pola presente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade,

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a D. Manuel Ángel Rodríguez, licenza definitiva (exp. Actividade Molesta 2007/93) para “mellora de explotación de gando porcino en Tixosa” parroquia de Dormeá, pertencente a este termo municipal, condicionada o cumprimento das medidas correctoras e normativa sinalada no outorgamento de licenza provisional de actividade. A licenza definitiva deberá ser expedida pola Secretaría do Concello e servirá ao interesado como documento acreditativo da concesión.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ó interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como lugar e prazo para interpoñelos.

#### **3.1.2.- INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDEANDO A REMISIÓN A MEDIO AMBIENTE DO EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE SOMETIDA**





## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### **A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL PROMOVIDO POR DONA TAMARA LÓPEZ GARCÍA EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE LP AVES, S.C.**

Examinado o expediente promovido por D<sup>a</sup>. Tamara López García, en representación da sociedade LP Aves, S.C., en virtude da instancia número 245 de data 23 de febreiro de 2011, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de dúas naves e almacén para explotación de polos en Cabrita-Mercurín, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

Resultando que o proxecto técnico presentado inicialmente foi completado con "Anexo a Proxecto: de naves e almacén para explotación de polos" con rexistro de entrada no Concello 536 de data 02/05/2011; e resultando, que se cumpriron os trámites de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, mediante edicto inserido no taboleiro de anuncios do Concello, no BOP núm. 100 do 27/05/2011 e no DOG núm. 121 do 24/06/2011 e notificación aos veciños inmediatos e incorporando os informes dos servizos técnicos municipais asinados por don Ángel Delgado Cid de datas 23 de maio de 2011 e 20 de xullo de 2011 sobre compatibilidade da actividade e incidencia ambiental.

Considerando, que o proxecto técnico e o anexo que o complementa reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto segundo informe técnico de data 18/05/2011 asinado por D. Ángel Delgado Cid non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Visto o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en particular o artigo 9.1, e demais Disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes 3 votos a favor coa abstención por ausencia da Presidencia en aplicación do artigo 28.2b) da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Informar favorablemente a concesión de licenza municipal de actividade instada por D<sup>a</sup>. Tamara López García, en representación da sociedade LP Aves, S.C., en virtude da instancia número 245 de 23 de febreiro de 2011, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de dúas naves e almacén para explotación de polos en Cabrita-Mercurín, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para os efectos previstos no artigo 10 do referido Decreto.

### **3.1.3.- INFORME SOBRE LICENZA PARA A PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS NA FINCA Nº 98 DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE DORMEÁ, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS ANDRADE CARREIRA.**

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de D. Jesús Andrade Carreira, con DNI 33276515T, con domicilio para os efectos de notificación en R/Campo do Rosario, 15 parroquia de Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1085 de data 19/07/2011 para a plantación de eucaliptos na finca nº 98 da concentración parcelaria de Dormeá.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 28/07/2011 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Ur-

banismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto.

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Informar a D. Jesús Andrade Carreira con DNI 33276515T que para obter autorización para a plantación de eucaliptos na finca 98 da concentración parcelaria de Dorneá deberá solicitar cambio de uso agrícola a forestal na Consellería de Medio Rural nesa finca e no caso de obterse o cambio de uso, deberá respetarse a concesión de augas públicas realizada por Augas de Galicia a favor da Comunidade de Regantes “Sería-Pedreira” e solicitar informe a previo Augas de Galicia, polo que non se pode outorgar a licenza solicitada.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpor fronte a este acordo.

### **3.1.4.- LICENZA PARA A PLANTACIÓN DE CASTIÑEIROS (FROITO) NA FINCA Nº 190 (SO UNHA PARTE) NA PARROQUIA DE ÁNxeLES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS VÁZQUEZ GÓMEZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de D. Jesús Vázquez Gómez, en posesión do DNI núm. 33107576L e con domicilio para os efectos de notificación en C/Comercio, 2 1ºesq., A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1124 de data 27/07/2011 para a plantación de castiñeiros (froito) na finca nº 19 (só nunha parte da superficie aproximada de 10 ferrados) na parroquia de Ánxeles.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 28/07/2011 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

#### **INFORME:**

Con data 27 de xullo de 2.011, número de rexistro 1124, D. Jesús Vázquez Gómez, presentou escrito ante o Concello de Boimorto solicitando permiso para a plantación de castiñeiros (froito) na finca 190 (só unha parte superficie aproximada 10 ferrados) na parroquia de Ánxeles, de acordo co plano adxunto.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

Os terreos sinalados no plano que acompaña á solicitude están clasificadas polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria, si ben, non se corresponden soamente cumha parte da finca 190 se non con esta e mais unha porción da 471.

De acordo co establecido no artigo 32 o uso agropecuario engloba todo tipo de actividades relacionadas coa produción agropecuaria entendendo como tales a agricultura, os cultivos experimentais ou especiais, a horticoltura ou floricultura baixo invernadoiro, a cría e garda de animais en réxime de estabulación e a cría de especies piscícolas.

Por tanto, desde o punto de vista da súa compatibilidade co plan xeral de ordenación municipal, pódese autorizar a plantación de castiñeiros, para produción de castañas, por entenderse que este tipo de árbores poden ter a consideración de froiteiras, estando contemplado desta maneira dentro da actividade agropecuaria e non forestal.

En ningún caso permitiríase a plantación con fins forestais, xa que se atopa entre os usos prohibidos recollidos no artigo 75 da PXOM relativo ao solo rústico de protección agropecuaria.

Polo que respecta ás distancias mínimas de plantacións de árbores, atópanse recollidas no artigo 41.2.1.1. do PXOM. Son as seguintes, independentemente da clasificación urbanísticas dous predios, segundo a súa especie e zona afectada:

FORESTAIS	NON FORESTAIS
-----------	---------------



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

	Eucaliptos	Coníferas	Fronosas	Frutais
Vivendas	50 m	25 m	10 m	6 m
Prados e terreos agrícolas	12 m.	8 m	6 m	3 m
A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm			
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m	4 m	4 m	4 m
Aos mananciais	25 m	10 m	10 m	6 m

No relativo ás pistas e camiños, as plantacións deberán respectar as distancias establecidas no artigo 43 para os cerramentos das fincas. Nestes caso, ao tratarse dunha vía de tipo III e atoparse en solo rústico, as distancias serán de 4 m ao eixe da vía, deixándose unha distancia de 4,50m ao bordo exterior da gabia, se esta está construída e a distancia resultara maior que as anteriores.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 28 de xullo de 2.011.

Fernando Delgado Juega  
CERNE INGENIERÍA S.A.>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Outorgar autorización a D. Jesús Vázquez Gómez para a plantación de castiñeiros (froito) na finca nº 190 (só nunha parte superficie superficie aproximada 10 ferrados) da parroquia de Ánxeles, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpor fronte o acordo de autorización.

### **3.2.-PERMISOS E AUTORIZACIÓNS**

#### **3.2.1.-CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO A PERSOAL CON MOBILIDADE REDUCIDA (TARXETA PARA JOSE ANTONIO FREIRE GARCÍA ) 5/2011.**

Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida presentada con entrada no Concello nº 838 en data 15/06/2011 por D. Jose Antonio Freire García con DNI núm. 76487930G con grao de minusvalía do 81% , visto informe da Asistente Social de data 28/07/2011, e comprobado que se cumpren os requisitos legais para expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, en aplicación do artigo 27.2 da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 50 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Expedir a tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida a favor do veciño deste Concello D. Jose Antonio Freire García con DNI núm. 76487930G con grao de minusvalía do 81%.

**SEGUNDO.-** En aplicación da Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa por expedición de documentos no seu artigo 7.4, liquidar en concepto de **taxa 6 €**.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao interesado, aos efectos oportunos e comunicar que unha vez aboada a taxa correspondente poderá retirar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía.

#### **3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 2/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 962, con data 27/07/2011, presentada por D. Luis Carreira Sesar, con domicilio a efectos de notifica-

ción na rúa Alfonso IX, 6 2ª Pontevedra, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga para o inicio das obras de construción dun almacén agrícola na parcela 720 polígono 506 no lugar de Liñeiro, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Luis Carreira Sesar, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para o inicio das obras de construción dun almacén agrícola na parcela 720 do polígono 506 no lugar de Liñeiro parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 46/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 654, con data 28/05/2011, presentada por Dna. Isabel López Espiñeira, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Casanova, 19 esq. parroquia de Arceo, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 19 esq. do lugar de Casanova parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. Isabel López Espiñeira, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 19 esq. do lugar de Casanova parroquia de Arceo, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 47/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1082, con data 18/07/2011, presentada por D. Jose Luis Costoya Quintela, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Agra da Tosta parroquia de Santa María de Arzúa, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros do local do Centro de recursos AMARAI sito no número 11 do lugar de Rego do Seixo parroquia de Boimil, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomu-



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

nicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Jose Luis Costoya Quintela, autorización para conexión á rede de sumidoiros do local sito no número 11 do lugar de Rego do Seixo parroquia de Boimil, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 48/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1097, con data 21/07/2011, presentada por D. César López García, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Romelas, 24 parroquia de Mercurín, pertencente a este termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 24 do lugar de Romelas parroquia de Mercurín, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. César López García, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 24 do lugar de Romelas parroquia de Mercurín, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.6.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 49/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1098, con data 21/07/2011, presentada por D. Manuel Fandiño Gil, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Romelas, 3 parroquia de Mercurín, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 3 do lugar de Romelas parroquia de Mercurín, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Manuel Fandiño Gil, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 3 do lugar de Romelas parroquia de Mercurín, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.7.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 50/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1101, con data 21/07/2011, presentada por D. Jose Luis Rivas Cruz, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Nogaredo, 19 parroquia de Brates, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 19 do lugar de Nogaredo parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Jose Luis Rivas Cruz, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 19 do lugar de Nogaredo parroquia de Brates, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.8.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 51/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1109, con data 22/07/2011, presentada por Dna. Elena Costoya Costoya, con domicilio a efectos de



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

notificación no lugar de Nogaredo, 25 parroquia de Brates, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 25 do lugar de Nogaredo parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. Elena Costoya Costoya, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 25 do lugar de Nogaredo parroquia de Brates, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.9.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 52/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1110, con data 22/07/2011, presentada por D. Luis Gómez Pampín, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Algalia, 10 parroquia de Dormeá, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 10 do lugar de Algalia parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

950655754-31/05/11  950661896-30/06/11 □	KONE Elevadores S.A. A28791069	Servizo mantemento ascensor colexio mes de maio Servizo mantemento ascensor colexio mes de xuño	221,18€ 221,18€
012281-30/05/11 □	Julio Rey Costoya 76498265N	Reparación vehículo matrícula C-7737-BJ	150,91€
40301-07/06/11  40399-13/06/11	Rio Blanco S.L. B15424047	Hipoclorito sódico para depuradora Hipoclorito sódico para piscina	276,12€ 276,12€
7-28/06/11	Santiago Vázquez Rodríguez 78782260S	Viaxe de zorra para Boimil	135,70€
94-30/06/11	Oscar Vidal García	Reparación material obras	

	79335867N		319,47€
420-21/07/11	Fissura Rotulación S.L. B27286541	Placa de metacrilato de equipamento miniresidencia AGADER	107,38€
10.11-06/05/11	Cerditos de Guinea Comics G70046784	Obradoiro expreso de Graffiti Letras Vivas Creación 2011	88,50 €
366540039-07/06/11 369767699-13/06/11	Mafre Familiar A28141935	Seguro obrigatorio vehículo 6064GMR camión grúa Seguro de accidentes colectivos voluntariado. Vixencia 07/06/11 ao 13/06/12	1.167,28€ 199,94 €
A51005-16-/06/11	Cotede Sports S.L. B15993660	Salvavidas para piscina municipal	179,36€
07/11-07/02/11	Asociación Deportiva Tiro con Arco G15416779	Trofeos e transporte de parapetos do III Trofeo Concello de Boimorto de tiro con arco-Subv. Deportes Deputación 2011	330,40€
241-13/06/11	Lavado y Engrase Hermanos Vázquez S.L. B15643315	Parchar roda do vehículo de protección civil	5,50€
65-31/05/11	Mª Luisa Villar Rivadulla 76486446S	Manguera para local protección civil lavado maquinaria	40,90€
00011232-24/06/11	Suministros Industriales Cire S.L. B15342652	Material para limpeza da piscina	59,00€
20-16/07/11	Héctor García Guerra 34997925K	Actuación Mago Teto Rede Cultural Deputación 2011	1.999,99€
12252-30/06/11	Maquinaria Casalonga S.L. B15718489	Cuchillas para cortacésped	258,20€
29-19/05/11	Asociación Cultural Cucarandainas G27391614	Actuación "Escola de Maxia" Letras Vivas Animación 2011	120,00€
97-30/06/11	Agrupación D. Veteranos G15256704	Arbitraxes liga intermunicipal de fútbol sala -categorías de base 2011	285,00€
64-30/06/11 65-30/06/11 □	Jose Manuel Vereas Castelo 33245534T	Subministro de material para a traída de augas e a piscina municipal Subministro de material para mantemento	47,80€ 89,03€
0339/E11-10/06/11 0387/E11-30/06/11	Talleres San Fins S.L. B15432453	Latiguillos para vehículo C98071VE Material para reparación desbrozadora	238,83€ 153,08€
703/11-01/06/11 879/11-01/07/11	Gráfica de Asturias S.L. B15342348	Libros de folla de reclamacións Centro de Día e Miniresidencia e tarxetas de aparcamento Fechadores de rexistros de entrada/saída xeral e da Deputación e expedientes de licenzas de actividades	267,73€ 243,62€
1052-31/05/11 1281-30/06/11	Serlimat Española S.L. B15535875	Servizo limpeza mes de maio 2011 Servizo limpeza mes de xuño	2.585,11€



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

		2011	2.585,11€
003785-31/05/11□	Fernando J. Sánchez García 76505509B	Material para obras na Casa do Concello e na pista de Brates	38,73€
001477-22/07/11	Control de Plagas Andrade S.L. B15989692	Cuota bimestral por servizos de desinfección e desratización en colexio, casa da cultura, centro médico e casa do Concello xullo 2011	347,57€
203-309/11F-13/06/11	Aquagest S.A.- A28220606	Control calidade na rede de abastecemento de auga meses de xaneiro a abril 2011	2.981,15€
203-330/11F-23/06/11		Control calidade na rede de abastecemento de auga e na piscina municipal maio 2011	473,07€
203-367/11F-13/07/11		Control calidade na rede de abastecemento de auga e na piscina municipal xuño 2011	473,07€
A/645-07/07/11	Autos Rico S.L. B15157357	Servizo transporte ao Centro de Maiores mes de abril 2011	1.250,00€
A/646-07/07/11		Servizo de transporte ao Centro de Maiores mes de maio 2011	1.250,00€
A/647-07/07/11		Servizo de transporte ao Centro de Maiores mes de xuño 2011	1.250,00€
A/661-28/07/11		Servizo de transporte realizado ó Balneario no mes de abril (Subv Deputación Servizos Sociais 2010)	387,00€
4000734595-31/05/11	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de maio 2011	329,62 €
4000748809-30/06/11		Franqueo pagado mes de xuño 2011	285,18€
546.447-01/06/11	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial xuño 2011	311,71 €
555.472-01/07/11		Mantemento ascensor casa consistorial xullo 2011	311,71€
OFFV11/3124-30/06/11	OFIREYCO S.L. B15342702	Material de oficina	122,34€
OFFV11/3125-30/06/11		Material para o PAI	163,19€
11/210359-31/05/11	COGAMI Reciclado de Galicia S.L. B15467962	Recollida e xestión de residuos	90,72€
11/210459-30-06-11		Recollida e xestión de residuos	90,72€
F033/011-11/07/11	Construcciones González y González S.L. B1565004	Reparación de camiños en Sendelle, Cardeiro e Buazo	15.017,60€
28F182315823-01/06/11	Telefónica Móviles España, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móbiles maio 2011	146,93 €
28G182360989-01/07/11		Recibo teléfonos móbiles xuño 2011	214,36€
Relación de data 08/06/11	Gas Natural S.U.R. SDG S.A. A 65067332	Recibos de subministro de luz ao alumeadado público	3.218,80€
		Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	397,87€
Relación de data		Recibos de subministro de luz	

08/04/11		ao alumeado público	3.330,62€	
Relación de data 10/05/11		Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	1.227,95€	
Relación de data 27/05/11		Recibos de subministro de luz ao alumeado público	4.039,11€	
		Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	1.223,72€	
		Recibos de subministro de luz ao alumeado público	3.904,67€	
		Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	12,12€	
TA3SD0590429	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono centro maiores	88,52 €	
TA3SD0590423		Recibo teléfono servizos sociais		
TA3SD0590426		Recibo teléfono ascensor	111,49 €	
TA3SD0590427		Recibo teléfono oficinas Con- cello	16,49 €	
TA3SD0590428		Recibo teléfono fax concello	293,95 €	
TA3SD0590430		Recibo teléfono baixo concello	0,32 €	
TA3SD0590425		Recibo teléfono PAI	68,69 €	
TA3SD0590431		Recibo ascensor residencia de maiores	22,06 €	
19/06/11				16,49 €
TA3SE0603681		Recibo teléfono centro maiores		
TA3SE0584931		Recibo teléfono servizos sociais	89,97 €	
TA3SE0584930		Recibo teléfono xulgado de paz	129,39 €	
TA3SE0599920		Recibo teléfono ascensor	25,25€	
TA3SE0600335		Recibo teléfono oficinas Con- cello	16,49 €	
TA3SE0601939		Recibo teléfono fax concello	373,98 €	
TA3SE0609518		Recibo teléfono baixo concello	0,67 €	
TA3SE0584933		Recibo teléfono PAI	68,69 €	
TA3SE0612492		Recibo ascensor residencia de maiores	24,00 €	
19/07/11				16,49 €

## **5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA**

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

### **<<INFORME SOCIAL**

**INSTITUCIÓN:** Concello de Boimorto. Servizos sociais

**INFORME EMITIDO POR:** M<sup>a</sup> Teresa Gómez Cea

**DATA DO INFORME:** 28/07/2011

**DIRIXIDO A:** XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:*

### **1.- ANDRÉS LÓPEZ RODRÍGUEZ - FISIOTERAPIA**





## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### 2.- JOSE CACHARRÓN PORTOS - FISIOTERAPIA - VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### 3.- VICENTE GARCÍA GARCÍA - FISIOTERAPIA - VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### 4.- EMILIA ENJAMIO RODRÍGUEZ- FISIOTERAPIA- VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### 5.- ANTONIO PARDO SÁNCHEZ- PODOLOXIA- VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### 6.- ENCARNACIÓN QUINTELA SÁNCHEZ- PODOLOXIA- VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### 7.- LUCIA ESTHER MEJUTO GARCÍA- PODOLOXIA- VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

*Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>*

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a Andrés López Rodríguez, José Cacharrón Portos, Vicente García García e Emilia Enjamio Rodríguez e no servizo de podoloxía a Antonio Pardo Sánchez, a Encarnación Quintela Sánchez e a Lucía Esther Mejuto García.

**SEGUNDO.-** Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xullo, agosto e setembro do 2011. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e/ou podoloxía.

### **5.3.- SOLICITUDE E OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA O APOIO Á NATALIDADE.**

Visto o expediente de solicitude de axuda municipal para apoio a natalidade 2011, ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 129 de data 23/06/2011, iniciado por:

- Dña. Milagros Rodríguez Vázquez (con rexistro entrada 1058 de data 12/07/2011) debido ao nacemento en data 05/12/2010 da súa filla Naiara Peteiro Rodríguez.

En aplicación da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de subvencións municipais a axudas para apoio á natalidade na anualidade 2011 a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Conceder unha axuda por apoio á natalidade de 300 €uros a Dña. Milagros Rodríguez Vázquez polo nacemento da súa filla Naiara Peteiro Rodríguez, con cargo a partida 23.48000 do orzamento municipal para a anualidade 2011.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada, con expresión dos recursos que poden interpoñer contro o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñerlos.

### **5.4.- SOLICITUDE E OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA O APOIO Á NATALIDADE.**

Visto o expediente de solicitude de axuda municipal para apoio a natalidade 2011, ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 129 de data 23/06/2011, iniciado por:

- Dña. Susana Sánchez García (con rexistro entrada 1070 de data 13/07/2011) debido ao nacemento en data 01/03/2011 da súa filla María Souto Sánchez.

En aplicación da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de subvencións municipais a axudas para apoio á natalidade na anualidade 2011 a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Conceder unha axuda por apoio á natalidade de 300 €uros a Dña. Susana Sánchez García polo nacemento da súa filla María Souto Sánchez, con cargo a partida 23.48000 do orzamento municipal para a anualidade 2011.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada, con expresión dos recursos que poden interpoñer contro o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñerlos.

### **5.5.- SOLICITUDE E OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA O APOIO Á NATALIDADE.**

Visto o expediente de solicitude de axuda municipal para apoio a natalidade 2011, ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 129 de data 23/06/2011, iniciado por:



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

- Dna. Mariluz López Jaimes (con rexistro entrada 1087 de data 19/07/2011) debido ao nacemento en data 21/06/2011 da súa filla Ainhoa Carbajales López.

En aplicación da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de subvencións municipais a axudas para apoio á natalidade na anualidade 2011 a Xunta de Goberno por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder unha axuda por apoio á natalidade de 300 €uros a Dna. Mariluz López Jaimes polo nacemento da súa filla Ainhoa Carbajales López, con cargo a partida 23.48000 do orzamento municipal para a anualidade 2011.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo á interesada, con expresión dos recursos que poden interpoñer contro o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñerlos.

### **5.6.- ESCRITO DE D. CARLOS FILLOY BALSEIROS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DE AVAIS DEPOSITADOS COMO GARANTÍAS DAS OBRAS "MELLORA DE CAMIÑOS EN PIÑEIRO, ROMELAS E DENDE A ESTRADA CP-1004 A ARENTÍA" E "MELLORA DO CAMIÑO DE AREAS A PARAVICO PARROQUIA DE ANDABAO".**

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. Carlos Filloy Balseiros, en representación da empresa Antonio Filloy S.A., con rexistro de entrada neste concello nº 870 con data 20/06/2011, no que solicita as devolucións dos avais depositados como garantía das obrigas pola execución das seguintes obras:

Nº aval	Denominación	Importe
665116	Mellora de camiños en Piñeiro, Romelas e dende a estrada CP-1004 a Arentía COPNSP 13/2009	4.401,50 €
671576	Mellora do camiño de Areas a Paravico parroquia de Andabao COPNSP 1/2010	1.294,38 €

Vistos os informes emitidos polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 01/06/2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á devolución dos avais solicitados, xa que a zona quedou en boas condicións.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

### **5.7.- ESCRITO DE D. JOSE ANTONIO GONZÁLEZ SANTOS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS DEPOSITADAS DAS OBRAS "CANALIZACIONES SOTERRADAS EN EL ENTORNO DEL COLEGIO PUBLICO ARMANDO COTARELO VALLEDOR" E "AMPLIACIÓN DEL SANEAMIENTO EN ARCEO Y ARENTÍA".**

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. José Antonio González Santos, en representación da empresa Construcciones González y González S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 669 con data 01/06/2011, no que solicita as devolucións das garantías definitivas depositadas, en efectivo, polas seguintes obras:

Denominación	Importe aval	Data recepción obras
Canalizaciones soterradas en el entorno del Colegio Público Armando Cotarelo Valledor	1.931,41€	05/02/2011
Ampliación del saneamiento en Arceo y Arentía	1.458,24€	05/02/2011

Vistos os informes emitidos polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 01/06/2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á devolución dos avais solicitados, en efectivo, xa que a zona quedou en boas condicións.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

**5.8.- SOLICITUDE DE LICENZA DE DEPÓSITO DE CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE CORTA TRAMITADA POR D. RUBÉN PEDROUZO VILAR EN REPRESENTACIÓN DE EXPLOTACIONES FORESTALES SOUTO CARRILLO S.L.**

Pola secretaria dáse conta da solicitude e documentación presentada por D. Rubén Pedrouzo Vilar con DNI 44828338V, en representación da empresa Explotaciones Forestales Souto Carrillo SL con CIF B15738768 e con domicilio para os efectos de notificación no lugar de A Carballeira, Aiazo Frades, solicitude con entrada no concello nº 1069 de data 13/07/2011, na que solicita licenza de depósito e transporte de madeira de corta na parcela nº 95 e polígono 505 para a tala de pino e eucaliptos de aproximadamente 670 toneladas no lugar de Aquelavila parroquia de Buazo, sendo propietaria da parcela Dña. Maria Dolores Pardo Casal, utilizando para o transporte de madeira as vías públicas da pista de concentración ata o cruce con pista asfaltada que vai a Ponte Patiño na parroquia de Buazo.

Vista a autorización da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de data 27/04/2011.

Visto o informe técnico de data 27/07/2011 do xeógrafo-urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERIA S.A. prestadora do servizo de asistencia técnico-urbanística ao Concello de Boimorto onde se sinala que deben depositar unha fianza de 300€.

Vista a ordenanza fiscal nº 20 reguladora da corta forestal e da taxa polo depósito e transporte de madeira de corta.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar autorización á Explotaciones Forestales Souto Carrillo S.L., con CIF B15738768 para licenza, depósito e transporte de madeira de corta na finca polígono 505 parcela 95 na parroquia de Buazo pertencente a este Concello para a especie de "eucaliptos e pino, condicionando a licenza ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- Poderanse levar a cabo actuacións complementarias tales como a apertura de vías de saca temporais, cargadeiros temporais e estacionamento temporal de maquinaria forestal, sempre co compromiso de reposición dos terreos no prazo máximo de tres meses desde a obtención da licenza.
- O madeireiro encargado da tala será o responsable directo dos danos ocasionados nas vías públicas como consecuencia do depósito da madeira, quedando obrigado á reparación das mesmas, incluíndo a limpeza e retirada de depósitos.
- As vías públicas non poderán empregarse para almacenamento de madeira, aínda que se autorizan as operacións para a súa carga, debendo mantelas limpas e en bo estado de utilización, tendo especial coidado coa conservación das gabias.
- Deberá sinalizarse convenientemente o estacionamento de maquinaria na vía pública.
- Cando se proceda á corta de árbores situados a unha distancia inferior a 30 metros da vía pública, as manobras correspondentes deberanse sinalizar por persoal da empresa madeireira, procedéndose á interrupción do tráfico e do tránsito de persoas mentres exista risco de caída de árbores.



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- En ningún caso a corta, transporte ou depósito das árbores afectará as parcelas lindantes. En caso de ser imprescindible, porase en coñecemento dos seus propietarios, coa obriga de repoñer ao seu estado orixinal os terreos afectados.

**SEGUNDO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e establecer a fianza de 300 € co obxecto de responder diante da posibles danos non reparados voluntariamente, cuantía fixada no informe dos servizos técnicos municipais de data 27/07/2011. Aceptando a autoliquidación de 20 € por ocupación de dominio viario local.

**TERCEIRO.-** -Notificar o presente acordo a Explotaciones Forestales Souto Carrillo S.L. con CIF B15738768, aceptando a autoliquidación de 20 €, con expresión dos recursos que poden interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

### **5.9.-SOLICITUDES E OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONES ÁS FAMILIAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR.**

Visto o expediente tramitado para o outorgamento de subvencións destinadas a familias para facer fronte ós gastos de transporte escolar para o curso académico 2010-2011 ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 129 de data 23/06/2011, e visto o informe da técnica en intervención familiar - psicóloga, en bases das solicitudes presentadas polo pai, nai ou tutor dos alumnos/as ou os mesmos alumnos, que se transcribe literalmente:

M<sup>a</sup> Teresa Gómez Cea, Técnica en intervención familiar-psicóloga do Concello de Boimorto A Coruña en relación coa convocatoria de subvencións ás familias para o transporte escolar curso académico 2010-2011, publicada no BOP núm. 119 de data 23/06/2011, e de acordo coa base 8 da ordenanza específica reguladora das bases emito o seguinte

#### **INFORME**

- 1º Que o número de solicitudes presentadas é de 23.
- 2º Que o crédito dispoñible é de 4.000,00 € e o importe da subvención segundo as bases é de 200 € por alumno/a máximo.
- 3º Que revisadas as solicitudes e documentación xustificativa que achegan co número de rexistro de entrada seguinte:

<b>Alumno/a</b>	<b>Rexistro de entrada solicitude/data</b>
Víctor Pazo Salgado	960 - 24/06/2011
David Tojo Barreiro	972 - 28/06/2011
Lucía Garea Viqueira	976 - 28/06/2011
Paula Quintás López	996 - 1/07/2011
Cristián Otero Fidalgo	999 - 04/07/2011
Ana Otero Fidalgo	1000 - 04/07/2011
Ana García Quintela	1014 - 05/07/2011
Jesús Ángel Ares López	1015 - 06/07/2011
Noelia Sanda Varela	1020 - 06/07/2011
Lorena Garea Rodríguez	1021 - 06/07/2011

Miguel Gil Meijide	1024-07/07/2011
Álvaro Espiñeira Pazos	1030-07/07/2011
Alejandro Vázquez Paz	1031-07/07/2011
Ana Nieto Sesar	1032-07/07/2011
Martín Vidal Vázquez	1033-07/07/2011
Ana M <sup>a</sup> Sánchez Vigo	1034-08/07/2011
Victorio Garea Vázquez	1035-08/07/2011
Adrián Álvarez Aguión	1036-08/07/2011
Adrián Corral Sesar	1037-08/07/2011
Borja Tato Sánchez	1043-08/07/2011
Uxía Iglesias Aguión	1044-08/07/2011
Óscar Manuel Cajide Paz	1045-08/07/2011
Eva López Sesar	1050-11/07/2011

constátase que todas as solicitudes foron presentadas no prazo regulamentario de 24 de xuño a 11 de xullo de 2011 (símbolos dous incluídos) e tódolos posibles beneficiarios cumpren os requisitos estipulados na base 2.

4º Que tendo en conta todo o exposto, as bases que o regulan, a miña proposta de subvención ás familias para o transporte escolar curso 2010-2011 é a seguinte:

Alumno/a	Importe subvención
Víctor Pazo Salgado	173,91 €
David Tojo Barreiro	173,91 €
Lucía Garea Viqueira	173,91 €
Paula Quintás López	173,91 €
Cristián Otero Fidalgo	173,91 €
Ana Otero Fidalgo	173,91 €
Ana García Quintela	173,91 €
Jesús Ángel Ares López	173,91 €
Noelia Sanda Varela	173,91 €
Lorena Garea Rodríguez	173,91 €
Miguel Gil Meijide	173,91 €
Álvaro Espiñeira Pazos	173,91 €
Alejandro Vázquez Paz	173,91 €
Ana Nieto Sesar	173,91 €
Martín Vidal Vázquez	173,91 €



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Ana M <sup>a</sup> Sánchez Vigo	173,91 €
Victorio Garea Vázquez	173,91 €
Adrián Álvarez Aguión	173,91 €
Adrián Corral Sesar	173,91 €
Borja Tato Sánchez	173,91 €
Uxía Iglesias Aguión	173,91 €
Óscar Manuel Cajide Paz	173,91 €
Eva López Sesar	173,91 €

Boimorto, 12 de xullo de 2011

Asdo...: M<sup>a</sup> Teresa Gómez Cea

Técnica en intervención familiar-psicóloga  
>>

A Xunta de Goberno Local en base ao informe da técnica de intervención familiar-psicóloga por unanimidade en aplicación do artigo 8 da Ordenanza específica reguladora destas subvencións **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Admitir as 23 solicitudes presentadas por cumprir os requisitos e contar coa documentación pertinente, concedéndolle unha subvención para facer fronte aos gastos de transporte escolar para o curso 2010-2011 por importe de 173,91 euros a cada unha das familias dos escolares: Víctor Pazo Salgado, David Tojo Barreiro, Lucía Garea Viqueira, Paula Quintás López, Cristian Otero Fidalgo, Ana Otero Fidalgo, Ana García Quintela, Jesús Ángel Ares López, Noelia Sandá Varela, Lorena Garea Rodríguez, Miguel Gil Meijide, Álvaro Espiñeira Pazos, Alejandro Vázquez Paz, Ana Nieto Sesar, Martín Vidal Vázquez, Ana María Sánchez Vigo, Victorio Garea Vázquez, Adrián Álvarez Aguión, Adrián Corral Sesar, Borja Tato Sánchez, Uxía Iglesias Aguión, Oscar Manuel Cajide Paz e Eva López Sesar.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ós interesados, con expresión dos recursos que poden interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

### **5.10.- APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN ASIGNACIÓN NOMINATIVA A ANPA DO CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2009-2010**

Visto o escrito presentado por D. David Cristian Ioannu con tarxeta de residencia nº X5072199D, actuando en calidade de representante da ANPA do CPI Armando Cotarelo Valledor de Boimorto na que achega factura xustificativa.

Vista a aprobación no Pleno municipal celebrado en data 30/12/2010 de asignación nominativa por importe de 3.315€ para o pago ( a xustificar ) dos bocadillos de actividades extraescolares dos rapaces que participan no proxecto de extraescolares de dirección municipal subvencionado pola Xunta de Galicia, liberalizando dita cantidade na partida 33.480 tódolos créditos non utilizados no exercicio 2010.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a factura xustificativa nº 26 de data 31/05/2011 de Supermercado Rey-Blanco con CIF B70204631 de Bocadillos actividades extraescolares 2009-2010 por importe de 3.315,60 €, en base ao acordo adoptado polo Pleno municipal celebrado o 30/12/2010, con cargo á partida 33.480 do exercicio 2010.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que poden interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

#### **5.11.-ESCRITO DE D. MANUEL RICO REY, SOLICITANDO A BONIFICACIÓN DO 50% NO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

Pola secretaria dáse conta da solicitude e documentación presentada por D. Manuel Rico Rey, con DNI nº 32308975R, e con domicilio para os efectos de notificación no número 1 do lugar de Coto Salgueiro, parroquia de Ánxeles, solicitude con entrada no concello nº 675 con data 02/06/2011, na que solicita a bonificación do 50% do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo matrícula C-1787-AB, marca Ford, modelo Escort 1.6 D.

Vista a ordenanza fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica artigo nº 2

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Reconocer, con efectos desde o 01.01.2012, a Manuel Rico Rey como titular do vehículo matrícula C-1787-AB o dereito da bonificación solicitada.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado co réxime de recursos e déase traslado do seu contido ao Servizo de Xestión Tributaria da Deputación Provincial da Coruña.

#### **5.12.-SOLICITUDE DE APLAZAMENTO DA LIQUIDACIÓN DA LICENZA DE OBRA MAIOR LO18/2011 TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ SÁNCHEZ GARCÍA.**

Vista a solicitude de D. Jose Sánchez García, con DNI 76517901Y, con entrada neste Concello nº 1084 en data 19/07/2011 en relación coa licenza de obra maior LO19/2011 de construción dunha nave para explotación de polos no lugar de Fonte Fraga parroquia de Mercurín, outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 26/05/2011, na que solicita o aprazamento da liquidación correspondente a dita obra por importe de 8.370,40 euros por un prazo de 6 meses en base a que ten solicitado un Plan de mellora pendente de aprobación ou denegación.

En aplicación do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recaudación, artigos 46 a 54, non é posible a concesión do aprazamento da liquidación da licenza de obra, por non garantirse o pago e non cumpre cos requisitos desta normativa.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Denegar a solicitude de aprazamento da liquidación da licenza de obra LO19/2011 de construción dunha nave para explotación de polos no lugar de Fonte Fraga parroquia de Mercurín, outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 26/05/2011 por importe de 8.370,40 euros á D. José Sánchez García en base ao Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recaudación, artigos 46 a 54.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **5.13.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA O MARATÓN DE FÚTBOL SALA**

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán o maratón fútbol sala redactadas en data 27/07/2011 polo animador deportivo e que a continuación se reproducen literalmente:

##### **<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA MARATÓN FÚTBOL SALA**

###### **1.- Concepto**





## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Establecemento do prezo público para o maratón de fútbol sala, que se celebrará o día 26, 27 e 28 de agosto, comezarse a xogar o venres 26 ás 22:00 horas.

Poderán tomar parte un máximo de 32 equipos. O máximo de xogadores por equipo é de 12 e o mínimo de 7. Non poderán participar menores de 16 anos e os menores de idade deberán aportar unha autorización firmada polos pais ou titores. Cada xogador deberá presentar o D.N.I. na mesa antes do inicio de cada partido.

O mínimo de equipos é de 16, se hai menos de 10 non se celebrará o maratón, e no caso de que haxa entre 11 e 15 equipos celebrárase entregando de premios trofeos.

Realizarase unha preinscrición nas oficinas do Concello ou ben chamando por teléfono ó 981 51 60 20 en horario de 9:30 a 14:30. O prazo de preinscrición é do luns 8 ó mércores 24 de agosto. A inscrición queda formalizada unha vez feito o pago de 120 euros nas oficinas do Concello, tendo de prazo ata o xoves 25 ás 14:30 horas. O sorteo entre os equipos participantes realizarase ese mesmo día ás 21:00 horas na Casa da Cultura.

### **SISTEMA/NORMAS DA COMPETICIÓN**

1- **INSTALACIÓN:** Polideportivo municipal de Boimorto.

2.- **BALÓNS DO TORNEO:** os balóns para disputar o torneo correrán a cargo da organización e serán balóns sempre regulamentarios e coas medidas oficiais do regulamento da Liga Nacional de Fútbol Sala.

3.- **SISTEMA DE COMPETICIÓN:** a primeira fase do torneo disputarase mediante liguilla de grupos. No hipotético caso de 32 equipos fariáanse 8 grupos de 4 equipos cada un. No caso de ser 24 equipos faranse 8 grupos compostos por 3 equipos cada un. No caso de 16 equipos realizaríanse 4 grupos formados por 4 equipos cada un. Pasarán á seguinte fase sempre os dour primeiros de cada grupo.

A segunda fase do torneo xa será mediante eliminatorias directas (partindo de oitavos de final no caso de 32 ou 24 equipos e cuartos de final no caso de 16 equipos). No caso de empate nas eliminatorias írase directamente á tanda de penaltis, lanzándose 5 por parte de cada equipo, se persistise o empate procederáse ó fallo. No partido da final procederíase previamente ós penaltis a 5 minutos de prórroga (mantéñense as faltas acumuladas do segundo tempo).

Todos os partidos da primeira fase e tamén os da segunda fase ata semifinais serán de dous tempos de 20 minutos corridos, cun descanso de 3 minutos entre cada parte, con dereito a tempo morto en cada unha das partes por cada equipo de 1 minuto a tempo parado. Os partidos polo 3º e 4º posto e a final serán de 25 minutos cada parte a tempo corrido, cun descanso entre partes de 5 minutos.

Cada partido gañado será puntuado con 3 puntos, o empatado cun 1 punto e o perdido con 0 puntos.

No caso de haber empate a puntos na primeira fase, resolverase do seguinte xeito:

1º. Resultado entre ambos equipos.

2º. Diferencia de goles a favor e goles en contra.

3º. Equipo con máis goles a favor.

4º. Equipo con menos goles na súa contra.

5º. No caso de todavía persistir o empate decidase por sorteo cunha moeda.

4.- **IMCOMPARECENCIA:** a incomparecencia dun equipo sen previo aviso e/ou sen causa xustificada suporá darlle o partido como perdido por 3-0 e ademais unha sanción de – 3 puntos na clasificación. O tempo límite de espera é de 5 minutos dende a hora oficial de inicio de partido. Nese tempo o equipo deberá estar xa preparado (mudado para xogar coa súa equipación) no campo. Tamén suporá incomparecencia presentarse con 4 xogadores ou menos.

5.- **APRAZAMENTO:** non existirá a posibilidade de aprazar os partidos a outro día nin horario. Os equipos deberán estar 15 minutos antes da hora de inicio do partido nos vestiarios, e o delegado 15 minutos antes para confeccionar a acta. Os xogadores deberán estar 5 minutos antes da hora do partido uniformados e preparados no campo.

6.- **EQUIPAMENTO:** cada equipo está obrigado a ter unha equipación común para a disputa dos partidos. Se coinciden as cores sortearase quen poñerá petos.

7.- **NUMERACIÓN:** todos os membros do equipo levarán as equipacións perfectamente numeradas sen repetirse ningún número. Os xogadores comezarán e rematán o torneo sempre co mesmo número, que xa será o asignado na ficha de inscrición.

8.- **MODIFICACIÓN DOS EQUIPOS:** en ningún momento e baixo ningún concepto se poderá modificar os xogadores que compoñen un equipo unha vez feito o sorteo de grupos. Xogar un encontro ou alinear a un xogador que non esté no equipo suporá a eliminación do equipo do torneo, sen dereito ningún a que se lle devolva o importe da inscrición.

9.- **REGULAMENTO:** serán de aplicación as normas de xogo do regulamento da R.F.E.F. na modalidade de fútbol sala, agás as propias do torneo que se regulan nestas bases coma son a duración dos partidos nas distintas fases, tempos mortos, etc.

Calquer outra circunstancia que poida xurdir e non estén reflexadas nestas bases resolverase a través do **COMITÉ DE COMPETICIÓN**, formado pola organización e os árbitros., representando ao Concello de Boimorto como organizador a través do animador deportivo.

A inscrición implica a aceptación destas bases así como os cambios e decisións que a organización estime oportuno.

#### 10.- BAREMO DE SANCIONES

- 1 partido de sanción: por tarxeta vermella directa.
- 2 partidos de sanción: por tarxeta vermella directa por emular a un xogador sen estar o balón en xogo ou por insultar ou ameazar a un árbitro, xogador, membro da organización ou calquer persoa do público.
- Expulsión do Torneo: por destrozar, golpear ou maltratar o material que existe nas instalacións; por agredir fisicamente a o árbitro, membros da organización, xogadores, adestradores, delegados, ou persoas do público, neste caso non podendo participar tampouco en vindeiras edicións; 2 tarxetas vermellas directas.
- No caso dalgún tipo de liorta, ven sexa dentro do campo ou no recinto da instalación, o **COMITÉ DE COMPETICIÓN** valorará as medidas a tomar, incluíndo a expulsión dos equipos implicados.
- Lémbrese e advértese a todos os participantes que antes do inicio do partido ou unha vez xa finalizado, poden ser sancionados pola súa actitude ou comportamento.



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

11.- SEGURO DEPORTIVO: a organización non se responsabiliza de ningún tipo de lesión, roubo ou perda de material que poida sufrir algún dos participantes no torneo.

12.- Os equipos inscritos autorizan a publicación dos seus nomes, nomes de marcas comerciais e fotos na páxina web do concello e en diferentes medios de comunicación e tablóns informativos.

### **2.- Obrigados o pagamento**

Estarán obrigados ao pagamento todos os equipos que queiran participar nesta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

### **3.- Contía**

O prezo público da actividade é de 120 euros por equipo; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

### **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

### **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é do 100% do importe o día 25 de agosto en horario de 09:00 a 15:00 nas oficinas do Concello.

PREMIOS: 1.000 euros e Trofeo ó gañador do Torneo

600 e Trofeo ó subcampeón

300 e Trofeo ó 3º clasificado

Trofeo para o 4º clasificado.

Ademais haberá tamén trofeo para o máximo goleador e para o equipo menos goleado que cheguen a semifinais. No caso de empate nestes trofeos, daráselle o mellor equipo clasificado. No caso de que o número de equipos inscritos sexa inferior a 24 os premios serán rebaixados e modificados proporcionalmente. O mínimo de equipos é de 16, se hai menos de 10 non se celebrará o maratón, e no caso de que haxa entre 11 e 15 equipos celebrárase entregando de premios trofeos.

Os gastos en premios e trofeos serán imputados a partida 34.48100 na que se xerará crédito en función do recaudado..

Boimorto 27 de xullo de 2011

O animador deportivo

César Buján Barral>>

Considerando que a Xunta de goberno local en aplicación do artigo 4 do acordo municipal sinalado pode, de forma conxunta para todos os participantes motivando o acordo en razóns de interese público que serían fomento da actividade deportiva e cultural no Concello de Boimorto, asumindo parcialmente o custe de transporte para esta actividade.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público para o maratón de fútbol sala redactadas en data 27/07/2010 polo animador deportivo tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público por equipo de 120 €.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

### **5.14.- SOLICITUDE DE LICENZA DE DEPÓSITO DE CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE CORTA TRAMITADA POR D. JOSÉ ESPÍNEIRA OTERO.**

Pola secretaria dáse conta da solicitude e documentación presentada por D. José Espiñeira Otero con DNI 78783073T, con domicilio para os efectos de notificación no lugar de Mangoño, 6 - Mandaio Cesuras, solicitude con entrada no concello nº 1131 de data 20/07/2011, na que solicita licenza de depósito e transporte de madeira de corta nas parcelas nº 357 e 404 do polígono 506 para a tala de eucaliptos de aproximadamente 102 toneladas no paraxe de A Braña, parroquia de Ánxeles, sendo propietario das parcelas D. José Luis Nieto Ares, utilizando para o transporte de madeira as vías públicas da pista sen asfaltar ata o cruce coa estrada AC-934 de Sobrado a Corredoiras na parroquia de Ánxeles.

Vista a autorización da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de data 25/01/2011. Visto o informe favorable, rexisto de entrada neste Concello nº 1113 de data 22/07/2011, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo sobre a intervención no Camiño de Santiago sinalando unha serie de condicións.

Visto o informe técnico de data 28/07/2011 do xeógrafo-urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERIA S.A. prestadora do servizo de asistencia técnico-urbanística ao Concello de Boimorto onde se sinala que deben depositar unha fianza de 300€.

Vista a ordenanza fiscal nº 20 reguladora da corta forestal e da taxa polo depósito e transporte de madeira de corta.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar autorización á D. José Espiñeira Otero, con DNI 78783073T para licenza, depósito e transporte de madeira de corta nas fincas 357 e 404 do polígono 506 na parroquia de Ánxeles pertencente a este Concello para a especie de eucaliptos, condicionando a licenza ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- Poderanse levar a cabo actuacións complementarias tales como a apertura de vías de saca temporais, cargadeiros temporais e estacionamento temporal de maquinaria forestal, sempre co compromiso de reposición dos terreos no prazo máximo de tres meses desde a obtención da licenza.
- O madeireiro encargado da tala será o responsable directo dos danos ocasionados nas vías públicas como consecuencia do depósito da madeira, quedando obrigado á reparación das mesmas, incluíndo a limpeza e retirada de depósitos.
- As vías públicas non poderán empregarse para almacenamento de madeira, aínda que se autorizan as operacións para a súa carga, debendo mantelas limpas e en bo estado de utilización, tendo especial coidado coa conservación das gabias.
- Deberá sinalizarse convenientemente o estacionamento de maquinaria na vía pública.
- Cando se proceda á corta de árbores situados a unha distancia inferior a 30 metros da vía pública, as manobras correspondentes deberanse sinalizar por persoal da empresa madeireira, procedéndose á interrupción do tráfico e do tránsito de persoas mentres exista risco de caída de árbores.
- En ningún caso a corta, transporte ou depósito das árbores afectará as parcelas lindantes. En caso de ser imprescindible, porase en coñecemento dos seus propietarios, coa obriga de repoñer ao seu estado orixinal os terreos afectados.
- Deberase axustar as condicións contempladas no informe sobre intervención no Camiño de Santiago da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo:  
Nos tres metros inmediatos ao Camiño deberase repoboar inmediatamente despois da ta con árbores autóctonas, plantadas de xeito irregular para evitar que semellen ser unha explotación forestal. No resto da parcela non se permitirá a repoboación con eucaliptos, soamente se permitirá a repoboación con especies autóctonas.



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Nas operacións de tala e transporte de madeira non poderá afectarse aos muros tradicionais de pedra, pavimentos e especies arbóreas autóctonas existentes; calquera dano ou deterioro que podan sufrir estes elementos, deberán ser restituído inmediatamente ao seu estado orixinal.

Con carácter xeral, non se permite a utilización do Camiño de Santiago nin outros camiños tradicionais que teñan asociados os anteditos elementos tradicionais por maquinaria pesada; garantirase o paso de peóns en condicións adecuadas de seguridade.

**SEGUNDO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros autorización establecendo a fianza de 300 € co obxecto de responder diante da posibles danos non reparados voluntariamente, cuantía fixada no informe dos servizos técnicos municipais de data 28/07/2011. Aceptando a autoliquidación de 20 € por ocupación de dominio viario local.

**TERCEIRO.-** -Notificar o presente acordo a Jose Espiñeira Otero, aceptando a autoliquidación de 20 €, con expresión dos recursos que poden interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

### **5.15.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN DAS ACTIVIDADES DE OUTONO - INVERNO 2011- CURSO DE INTERNET E CORREO ELECTRÓNICO PARA ADULTOS, INFORMÁTICA NO CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES, RISOTERAPIA E PINTURA E DEBUXO PARA NENOS E ADULTOS DO CONCELLO DE BOIMORTO.**

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán as actividades de outono - inverno 2011- Curso de Internet e correo electrónico para adultos, informática no Centro Municipal de maiores, risoterapia e pintura e debuxo para nenos e adultos do Concello de Boimorto redactadas en data 26/07/2011 pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<Bases para establecemento das bases con motivo das actividades de outono - inverno 2011- Curso de Internet e correo electrónico para adultos, informática no Centro Municipal de maiores, risoterapia e pintura e debuxo para nenos e adultos:

O obxecto destas bases e o establecemento das normas e criterios de selección que rexerán para as seguintes actividades que serán realizada polo departamento de cultura durante 2011:

- Curso de Internet e Correo electrónico para adultos, cun mínimo de 8 persoas para que se leve a cabo é un máximo de 15.

- Curso de informática, destinado a usuarios do Centro Municipal de Maiores, cun mínimo de 5 persoas para que se leve a cabo é un máximo de 10.

- Obradoiro de risoterapia, mínimo de 8 persoas para que se leve a cabo é un máximo de 25, poderá haber participantes de todas as idades.

-Obradoiros de pintura e debuxo para nenos e adultos cun mínimo de 8 persoas para que se leve a cabo é un máximo de 15 en cada un dos grupos. O grupo de nenos será ata o 12/13 anos.

Estas actividades levaranse a cabo durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro, o último día para inscribirse nestas actividades é o 20 de setembro de 2011.

Boimorto, 26 de xullo de 2011

A animadora sociocultural

Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases que rexerán as actividades de outono - inverno 2011- Curso de Internet e correo electrónico para adultos, informática no Centro Municipal de

maiores, risoterapia e pintura e debuxo para nenos e adultos do Concello de Boimorto tal e como quedan reproducidas nos considerandos neste acordo.

**SEGUNDO.-**Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 161, 162, 163, 164, 165, 166, 168, 172, 176, 177, 179, 186, 188, 194, 202, 208, 213, 215, 221, 222, 230 e 235, dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados, dando de forma expresa o seguinte decreto nº 197:

<<**Decreto:** 197 / 2011

**Data decreto:** 27/06/2011

**Descrición decreto:** Solicitud de axuda Leader do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo para adquisición de vehículo adaptado.

**DON JOSÉ IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA )**

Vista a convocatoria do programa Leader do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar unha subvención dentro da convocatoria do programa Leader do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo para “ Adquisición de vehículo adaptado” por importe total de 127.794 euros ( iva incluído).

**SEGUNDO.-** Dar conta á Xunta de Goberno Local deste decreto na próxima sesión que celebre.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo e demais documentación complementaria ao Presidente do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo.

Boimorto, vinteseite de xuño de dous mil once

O alcalde

Perante min:

A secretaria

Asdo.- D. José Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Pola Secretaria dase conta dos abonos realizados por Gas Natural S.U.R. SDG S.A. con CIF A 65067332 de alumado público no mes de maio que ascende a un total 1.961,96 €.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 15:20 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: [correo@boimorto.es](mailto:correo@boimorto.es)

Web: [www.concellodeboimorto.es](http://www.concellodeboimorto.es)

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez